

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

14285 Orde PRE/2840/2015, do 29 de decembro, pola que se regula o curso de complemento de formación para a integración e incorporación, con carácter voluntario, á escala de oficiais da Garda Civil, regulada pola Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil.

A Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, regula, de conformidade co disposto no seu artigo 1, o réxime do persoal da Garda Civil e, especificamente, a carreira profesional dos seus membros e todos aqueles aspectos que a conforman. Establece, ademais, unha única escala de oficiais con novos requisitos educativos exixidos para a incorporación a ela, que modifica substancialmente o réxime das escalas de oficiais e o sistema de ensino para o acceso a estas, recollido na Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil.

O artigo 20 e seguintes da Lei 42/1999, do 25 de novembro, recollían un ensino de formación que se cursaba fundamentalmente nos centros docentes da Garda Civil e que variaba segundo que se tratase da incorporación á escala superior de oficiais, á de oficiais ou ás facultativas superior e técnica. Mentres os estudos cursados por quen integraría as dúas escalas facultativas servían para complementar a formación técnica, acreditada co título universitario –diplomado ou licenciado– exixido para o ingreso, coa específica necesaria para o desempeño das funcións e do exercicio das facultades da escala correspondente e a formación militar necesaria, os estudos cursados polos integrantes das outras dúas escalas de oficiais non eran universitarios, pero o propio artigo 20 citado os homologaba aos títulos do sistema educativo xeral. Así, o ensino cursado para o acceso á escala de oficiais equivalía a un título universitario de primeiro ciclo, e o cursado para o acceso á escala superior de oficiais a un título universitario de segundo ciclo. Esta homologación só producía efectos unha vez obtido o primeiro emprego na correspondente escala.

A lei recolle, como xa se sinalou, unha única escala de oficiais, e cambia o sistema de formación para o ingreso nela co propósito, como se recoñece no seu preámbulo, de dar maior cohesión e homoxeneidade ao modelo de carreira de todos os oficiais da Garda Civil e de acomodar así o instituto ao proceso de conformación do Espazo Europeo de Educación Superior.

E así, a incorporación á nova escala de oficiais exige ter cursado un ensino que inclúe a formación militar, a de corpo de seguridade e a técnica necesaria para o correcto desempeño das funcións asignadas aos membros da escala e, ademais, a formación necesaria para a obtención dun título de grao universitario.

Neste contexto, a disposición adicional primeira da Lei 29/2014, do 28 de novembro, establece a integración na nova escala de oficiais de acordo co establecido nela; a disposición transitoria primeira prevé a constitución da dita escala de oficiais, a partir do 1 de xullo de 2017 e regula, nas súas disposicións transitorias segunda a oitava, as formas de incorporación de quen integra as catro escalas de oficiais definidas na Lei 42/1999, do 25 de novembro.

A disposición transitoria segunda determina que os procedentes da escala superior de oficiais se incorporan en todo caso á nova escala de oficiais, mentres que a incorporación dos procedentes da escala de oficiais, da escala facultativa superior e da escala facultativa técnica ten carácter voluntario.

A disposición transitoria terceira establece o procedemento para a incorporación á nova escala de oficiais dos oficiais das escalas cuxa incorporación ten carácter voluntario. Para que a incorporación e, en consecuencia, a integración na nova escala se poida facer

efectiva, establece, como condición necesaria, a superación dun curso de complemento de formación, cuxos aspectos se deben determinar regulamentariamente.

O indicado curso de complemento de formación ten como propósito legal adecuar o nivel de formación que xa recibiron para o exercicio de accións directivas e, como finalidade, incrementar as súas capacidades e coñecementos e proporcionarlles, de ser o caso, aos membros da escala de oficiais e da escala facultativa técnica, no momento da súa incorporación á nova escala, o recoñecemento académico equivalente ao título de grao universitario, ao abeiro do que se determina no número 3 da disposición transitoria décima da lei.

O curso de complemento de formación para os membros das escalas facultativa superior e técnica, partindo da formación específica recibida para o desempeño das funcións e o exercicio das facultades da escala de procedencia, debe ter ademais en conta as responsabilidades e funcións que, unha vez que se incorporen á nova escala de oficiais, lles poden corresponder.

O curso de complemento de formación que cursen os capitáns convocados que reúnan en 1 de setembro de 2016 os tempos mínimos no dito emprego debe ter en conta, ademais, o nivel de formación necesario para obter a capacitación para o ascenso ao emprego superior que exige o artigo 65 da lei, sen que lles resulten de aplicación as avaliacións establecidas no seu artigo 70.

Constitúe o obxecto de esta orde a regulación, para os diferentes tipos de curso de complemento de formación, dos aspectos relativos ao seu contido, duración, calendario de realización, normas de aprazamento, repetición, renuncia, requisitos para a súa superación e réxime de avaliacións e cualificacións. Tanto a programación coma o seu desenvolvemento realizouse con criterios de eficiencia e atendendo ás necesidades de conciliación da vida profesional e familiar dos asistentes.

O curso de complemento de formación, en calquera dos seus diferentes tipos, non se encadra especificamente nin na súa totalidade en ningunha das modalidades en que se estrutura o ensino na Garda Civil, de conformidade co disposto no artigo 28.3 da lei, pero participa con carácter xeral das dúas finalidades de capacitación que se establecen para o ensino no número 1 do mesmo artigo 28 e algún dos seus tipos da finalidade de capacitación a que alude o artigo 30 para o ensino de perfeccionamento.

En consecuencia, a superación do curso non terá máis efectos que os previstos no artigo 3 desta orde.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Defensa, e de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo 1. *Finalidade.*

Esta orde ten por finalidade, ao abeiro do establecido na disposición transitoria terceira da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, regular os aspectos relativos a contido, duración, calendario de realización, normas de aprazamento, repetición, renuncia, requisitos para a súa superación e réxime de avaliacións e cualificacións polos cales se rexerá o curso de complemento de formación, nos seus diferentes tipos, para posibilitar a integración e incorporación á escala de oficiais definida na dita lei, dos membros da escala de oficiais, escala facultativa superior e escala facultativa técnica, definidas na Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, así como aprobar o plan de estudos de cada un dos tipos de curso regulados.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

O disposto nesta orde será de aplicación aos membros das escalas sinaladas no artigo anterior non afectados polas exclusións ou limitacións sinaladas nos números 1 e 2 da disposición transitoria segunda da Lei 29/2014, do 28 de novembro, e que non renunciaren a exercer o seu dereito á integración e incorporación á escala de oficiais da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

En todo caso, a realización do período presencial do curso exixirá que o concorrente se encontre na situación administrativa de servizo activo.

Artigo 3. *Efectos da superación do curso.*

A superación do curso de complemento de formación non terá outros efectos que posibilitar a quen o realice a integración e incorporación á escala de oficiais nos termos que prevé a disposición transitoria terceira da Lei 29/2014, do 28 de novembro, e o de proporcionar, de ser o caso, aos procedentes da escala de oficiais e da escala facultativa técnica, no momento da súa incorporación á nova escala, o recoñecemento académico equivalente ao título de grao universitario, ao abeiro do que se determina no número 3 da disposición transitoria décima da lei.

A superación suporá, ademais, para os capitáns convocados que reúnan en 1 de setembro de 2016 os tempos mínimos no dito emprego, os efectos de capacitación para o ascenso que establece o artigo 65 da lei, sen que resulten de aplicación as avaliacións establecidas no seu artigo 70.

Artigo 4. *Tipos de cursos.*

Tendo en conta as escalas de procedencia a que se refiren os artigos anteriores, establécense os seguintes tipos de cursos:

- a) Os dirixidos aos procedentes da escala de oficiais.
- b) Os dirixidos aos procedentes da escala de oficiais que comporten os efectos de capacitación para o ascenso ao emprego superior.
- c) Os dirixidos aos procedentes da escala facultativa superior.
- d) Os dirixidos aos procedentes da escala facultativa superior que comporten os efectos de capacitación para o ascenso ao emprego superior.
- e) Os dirixidos aos procedentes da escala facultativa técnica.

Artigo 5. *Obxecto do curso de complemento de formación.*

O obxecto deste curso será, en función do seu tipo, o seguinte:

Para os tipos sinalados nas alíneas a) e b) do artigo anterior, o de adecuar o nivel de formación que xa recibiron para o exercicio de accións directivas ao ingresar na súa escala de procedencia, así como o de incrementar as súas capacidades e coñecementos e o necesario para lles proporcionar, no momento da súa incorporación á nova escala, o recoñecemento académico equivalente ao título de grao universitario, ao abeiro do que se determina no número 3 da disposición transitoria décima da Lei 29/2014, do 28 de novembro. Ademais, será obxecto do curso para o tipo sinalado na alínea b) referida, o de alcanzar o nivel de formación necesario para obter a capacitación para o ascenso ao emprego superior que exixe o artigo 65 da lei, sen que lles resulten de aplicación as avaliacións establecidas no seu artigo 70.

Para os tipos sinalados nas alíneas c), d) e e) do artigo anterior, o de adecuar o nivel de formación que xa recibiron para o exercicio de accións directivas ao ingresar na súa escala de procedencia, así como o de incrementar as súas capacidades e coñecementos, partindo da formación específica recibida para o desempeño das funcións e o exercicio das facultades que exercían nela; o contido do curso deberá ter en conta as responsabilidades e funcións que, unha vez que se incorporen á nova escala de oficiais, lle poden corresponder.

Será igualmente obxecto do curso para o tipo sinalado na alínea d) o de alcanzar o nivel de formación necesario para obter a capacitación para o ascenso ao emprego superior que exixe o artigo 65 da lei, sen que lles resulten de aplicación as avaliacións establecidas no seu artigo 70.

Tamén será obxecto do curso para o tipo sinalado na alínea e) o necesario para lles proporcionar, no momento da súa incorporación á nova escala, o recoñecemento

académico equivalente ao título de grao universitario, ao abeiro do que se determina no número 3 da disposición transitoria décima da lei.

Artigo 6. *Organización dos cursos.*

A Dirección Xeral da Garda Civil, a través da Subdirección Xeral de Persoal e da súa Xefatura de Ensino, coa participación do Centro Universitario da Garda Civil, será responsable da organización e do desenvolvemento dos distintos tipos de curso, conforme os criterios que se establecen nesta orde.

Artigo 7. *Calendario dos cursos.*

A partir do 30 de abril do ano 2016 e a partir da mesma data dos anos posteriores, de ser o caso, o director xeral da Garda Civil disporá o necesario para a publicación, no Boletín Oficial da Garda Civil, das convocatorias dos distintos tipos de cursos de complemento de formación, de forma que se poidan iniciar, de ser o caso, a partir do 15 de agosto de cada ano. As relacións dos declarados aptos deberán estar publicadas antes do 1 de xullo do ano seguinte.

As convocatorias dos cursos incluirán, ao menos, os seguintes aspectos:

- a) Finalidade.
- b) Designación de concorrentes.
- c) Lugar de desenvolvemento.
- d) Períodos do curso e datas de realización.
- e) Normas de carácter particular.
- f) Réxime económico.
- g) Situación dos concorrentes durante a participación nos distintos períodos do curso.
- h) Renuncias, aprazamentos, repeticións e baixas.

Artigo 8. *Carga lectiva e períodos do curso.*

Cada curso, segundo o seu tipo, terá unha carga lectiva que oscilará entre 60 e 97 créditos ECTS, de acordo cos plans de estudo que figuran nos correspondentes anexos, e articularase en dous períodos, un non presencial (a distancia) e outro presencial, que se organizarán conforme os seguintes criterios:

a) Período non presencial (a distancia): durante este período remitiránelles aos concorrentes as normas específicas polas cales se rexerá o curso e a documentación, as referencias e a información necesaria para o desenvolvemento do período.

Neste período, que será tutelado, os concorrentes compatibilizarán o servizo co tempo de dedicación exclusiva ao curso que se fixa nesta orde e que se reflectirá, ademais, na correspondente convocatoria.

b) Período presencial: este período terá carácter de dedicación exclusiva e desenvolverase nos centros docentes de formación e/ou perfeccionamento da Garda Civil que determine o director xeral da Garda Civil na correspondente convocatoria.

Artigo 9. *Carga global e duración dos cursos.*

A carga global dos cursos de complemento de formación graduará adecuadamente o esforzo que debe realizar o alumno segundo a súa situación en cada período e o tipo de curso.

Os criterios para determinar a carga global dos cursos e a súa duración serán os seguintes:

- a) Criterios para determinar a carga global:

Para os efectos deste curso, entenderase por carga global a suma dos créditos ECTS asignados a cada período dos distintos tipos de curso, tendo en conta o seguinte:

- No período non presencial (a distancia), terán dispoñible como tempo de dedicación exclusiva para a súa realización unha (1) xornada de servizo semanal.
- No período presencial, o concorrente terá dedicación exclusiva ao curso e estará suxeito ao réxime académico que determine o director xeral da Garda Civil na convocatoria correspondente.

b) A duración dos cursos, en función do seu tipo e da súa carga global, queda establecida nun mínimo de 29 semanas e un máximo de 45 semanas, excluídos os períodos vacacionais. Delas, as correspondentes ao período non presencial poderán oscilar entre 10 e 20 semanas e as correspondentes ao período presencial, entre 16 e 28 semanas.

Artigo 10. *Áreas de coñecemento, materias e disciplinas.*

Para os únicos efectos do disposto nesta orde, por cada tipo de curso dos establecidos, o seu plan de estudos identificará as correspondentes áreas de coñecemento, as materias e as disciplinas de cada unha delas, coa determinación dos créditos asignados a estas.

Igualmente, o dito plan terá en conta, e en relación cos créditos, a carga destes que se realizará nos diferentes períodos do curso.

Así mesmo, reflectirá expresamente, ou con carácter xeral, as materias ou disciplinas susceptibles de validación ou recoñecemento.

Artigo 11. *Contido do curso.*

1. Os plans de estudos dos distintos tipos de cursos de complemento de formación, coas denominacións a que se refire o artigo anterior, quedan establecidos segundo se recolle nos distintos anexos desta orde.

2. Estes plans permitirán alcanzar, entre outros, os seguintes obxectivos:

a) Adecuar e potenciar a capacidade para exercer as novas responsabilidades que lles poidan corresponder na nova escala en función da súa escala de procedencia, no exercicio das funcións operativas, técnicas, loxísticas, administrativas e docentes no marco da seguridade pública ou das misións de carácter militar que se lles poden encomendar, e as que igualmente lles poidan corresponder nos novos empregos.

b) Incrementar a capacidade para exercer as responsabilidades que lles poidan corresponder no exercicio das accións directivas, que inclúen as de mando e accións de xestión e executivas.

c) Potenciar a capacidade de liderado, mellorando as técnicas de comunicación tanto oral como escrita, exercendo as habilidades de aprendizaxe, análise, síntese e emisión de xuízos con iniciativa e creatividade, así como as habilidades para dirixir, organizar, planificar e traballar en organizacións complexas e afrontar novas situacións, perfeccionando o coñecemento das técnicas de negociación e resolución de conflitos.

d) Acrecentar os coñecementos da normativa promulgada para conseguir a igualdade efectiva entre mulleres e homes e, moi especialmente, as medidas adoptadas no ámbito da función pública.

e) Progresar no coñecemento e na utilización da normativa en materia de seguridade e saúde no traballo.

f) Coñecer e practicar as relacións institucionais no exercicio do mando como representante do corpo.

g) Potenciar o coñecemento das competencias do corpo en determinadas funcións asignadas a este.

h) Actuar de acordo co código de conduta exigible a todo compoñente da institución.

Artigo 12. *Requisitos para a superación dos cursos e réxime de avaliacións e cualificacións.*

1. Período non presencial (a distancia):

a) Durante este período realizaranse traballos e resolveranse cuestionarios ou outras probas, que deberán ser, de ser o caso, remitidos ao profesor-titor nas datas sinaladas para a súa avaliación na correspondente convocatoria.

Os resultados obtidos polo concorrente na primeira avaliación nestas actividades cualificaranse nunha escala numérica de 0 a 10, con expresión de dous decimais. Da media desas avaliacións obterase a primeira nota do período a distancia, que constituirá o 40% da nota global do dito período.

A non remisión dalgún traballo ou dos cuestionarios ou probas propostas nos prazos sinalados por razóns imputables ao concorrente suporá unha cualificación de cero (0).

b) O día da súa presentación ao período presencial os concorrentes realizarán as probas escritas que se determinen referidas a disciplinas incluídas para o seu desenvolvemento no período a distancia. Da media dos resultados obtidos nesta segunda avaliación, cualificados da mesma forma sinalada na alínea a) anterior, obterase a segunda nota do período a distancia, que constituirá o 60% da nota global do dito período.

c) O resultado obtido das dúas notas do período non presencial tras a aplicación das porcentaxes indicadas nos alíneas anteriores constituirá a nota global.

d) En caso de obter unha nota global do período inferior a cinco (5), cursarase igualmente o período presencial, tendo en conta o disposto no número 2.d) seguinte.

2. Período presencial:

a) A avaliación neste período será inicialmente polo sistema de avaliación continua, seguindo criterios obxectivos. A nota global do período presencial oscilará entre 0 e 10 puntos, con expresión de dous decimais.

Para a superación deste período, será necesario obter unha cualificación mínima de 5 ou, de ser o caso, a cualificación de «apto», en todas as disciplinas que o configuran.

b) En caso de non superar este período mediante a forma de avaliación continua inicial, realizarán unha proba escrita de cada unha das disciplinas non superadas.

c) Os que non superen algunha ou algunhas das probas escritas a que se refire a alínea anterior deberán someter, con carácter extraordinario, a unha proba escrita de cada unha das disciplinas non superadas neste período.

d) Os que non superen algunha ou algunhas das probas escritas a que se refire a alínea anterior deberán someter, con carácter extraordinario, a unha proba escrita sobre o conxunto das materias cursadas no período presencial.

e) Os que no período non presencial obtivesen unha nota global inferior a 5 e no período presencial obtivesen unha nota superior a cinco (5) e inferior a oito (8) deberán someterse a unha proba escrita sobre o conxunto das materias cursadas no dito período non presencial. A citada proba realizarase conxuntamente coa sinalada na alínea d), se tamén concorren as circunstancias de non superación do período alí descritas.

A nota deste período obteríase da media das notas obtidas nas distintas disciplinas ás cales se lles asigna unha cualificación numérica, unha vez realizadas as probas descritas nas alíneas b) e c), de ser o caso, tendo en conta a cualificación asignada no artigo 16 ás materias ou disciplinas validadas.

En todo caso, a superación das probas previstas nas alíneas c), d) e e) serán cualificadas cunha nota de 5 (cinco) ou de «apto».

A non superación de calquera das probas previstas nas alíneas d) e e) suporá a declaración de non superación do curso.

3. A non superación dalgunha ou dalgunhas das probas previstas neste artigo poderá ser sometida a un proceso de revisión das cualificacións, mediante solicitude por escrito ante o director do centro docente. Esta revisión determinará definitivamente a cualificación

asignada, salvo que o citado director considere conveniente someter a decisión final á Comisión de Docencia prevista no artigo 15.

4. A superación tanto do período non presencial como do presencial suporá a declaración de apto no curso se non concorre algún dos supostos previstos no artigo 13.3.

5. A cualificación global do curso obterase mediante a media ponderada das notas dos períodos a distancia e presencial, aplicando un coeficiente de 1 á nota global do período a distancia e de 3 á do período presencial, tendo en conta a cualificación asignada no artigo 16 ás materias ou disciplinas validadas. En caso de ter concorrido á proba conxunta prevista na alínea e), a nota global do curso sería, en todo caso, de 5 (cinco).

6. As materias Lingua estranxeira e Instrución e adestramento, así como as materias ou disciplinas que así se determinen expresamente nos plans de estudos dos distintos tipos de curso, terán unha cualificación de apto ou non apto.

7. Para os únicos efectos de anotación no historial profesional do interesado e só como reflexo da superación do curso, obterase unha cualificación global, resultante de valorar as cualificacións obtidas en cada unha das disciplinas.

Artigo 13. *Renuncia, aprazamento, baixa, repetición e non superación.*

1. Unha vez publicada a relación de concorrentes a cada curso, abrirase un prazo de quince días para que os interesados que o desexen poidan renunciar. A renuncia efectuarase por escrito dirixido á autoridade que estableza a convocatoria correspondente e considerarse, para todos os efectos, como unha renuncia a incorporarse á escala. O oficial que a efectúe non volverá ser convocado ao curso de complemento de formación e permanecerá na súa escala de orixe cos efectos e nos termos establecidos na disposición transitoria oitava da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

2. Os convocados aos cursos de complemento de formación poderán solicitar igualmente, por unha soa vez, o aprazamento do curso mediante o mesmo procedemento establecido para a renuncia, por motivos excepcionais que se deberán documentar xunto coa solicitude que se formule, incluíndo, de ser o caso, a duración dos motivos. Entre os motivos excepcionais comprenderanse as situacións de embarazo, parto ou posparto da garda civil convocada. Unha vez outorgado o aprazamento a quen o solicitou, volverá ser novamente convocado para o primeiro curso que se realice do mesmo tipo, unha vez desaparecidas as circunstancias do aprazamento. Superado o curso de complemento de formación, o interesado, no momento en que se integre, farao co número correspondente e, de ser o caso, antigüidade que lle tería correspondido de non ter mediado o aprazamento, segundo a súa escala de procedencia.

3. Nos cursos de complemento de formación causarase baixa polos seguintes motivos:

a) Causarase baixa con opción a nova convocatoria, repetindo por unha soa vez, cando se produzan faltas de asistencia superiores ao 20 por cento dos días lectivos correspondentes á duración do período presencial do curso, por motivos xustificadas como consecuencia de enfermidade, embarazo, parto ou posparto, adopción ou acollemento, atención a fillos ou familiares dependentes, paternidade ou necesidades do servizo, que deberán ser debidamente xustificadas.

Cando as ausencias non excedan os límites reflectidos na alínea anterior, darase opción ao concorrente a acudir a exames ou probas en datas alternativas, de acordo co réxime académico que se determine e sempre antes da finalización do curso.

b) Causarase baixa sen opción a repetición, e cos efectos determinados no número 1, cando concorran os seguintes motivos:

1.º Renuncia a continuar o curso.

2.º Faltas de asistencia sen motivos xustificadas nunha porcentaxe superior ao 5 por cento dos días lectivos correspondentes á duración do período presencial do curso.

c) Cando o concorrente, durante o desenvolvemento do período presencial, pase a unha situación administrativa distinta á de servizo activo, causará baixa no curso de acordo co previsto no parágrafo seguinte.

En caso de que pase ás situacións de servizos especiais, excedencia por coidado de familiares, excedencia por razón de violencia de xénero, excedencia baseada na consideración de vítima de terrorismo, suspensión de emprego ou suspensión de funcións, a baixa no curso considerarase por motivos xustificados, para os efectos da alínea a), e con opción a unha nova convocatoria para repetir por unha soa vez. En caso de que pase a situacións distintas, considerarase que na baixa non concorren motivos xustificados para os efectos previstos na alínea b) e, por tanto, sen opción a repetición.

4. A non superación do curso pola concorrencia das circunstancias previstas no artigo 12 producirá igualmente os efectos establecidos no número 1 deste artigo.

Artigo 14. *Protección da maternidade.*

Se durante o desenvolvemento do curso, a garda civil, por encontrarse en situación de embarazo, parto, ou posparto debidamente acreditada, adopción ou acollemento, se ve obrigada a unha ausencia temporal ou a causar baixa no curso, poderase acoller aos seguintes beneficios:

a) Cando a ausencia teña carácter temporal, e non supere os límites previstos no artigo 13.3.a), daráselle opción a acudir a exames ou probas en datas alternativas, pero sempre antes da finalización do curso.

b) Cando se produza a baixa por superar o número de faltas que determina o artigo 13.3.a), terá dereito a non volver cursar as disciplinas xa superadas, excepto se a concorrente mostra a súa disposición a mellorar a cualificación, que nunca poderá ser inferior á xa obtida. Unha vez finalizadas as circunstancias que motivaron a baixa e superado o novo curso a que está convocada, a interesada, no momento en que se integre, farao co número correspondente e, de ser o caso, coa antigüidade que lle tería correspondido de non ter mediado a baixa no curso, segundo a súa escala de procedencia.

Artigo 15. *Comisión de Docencia.*

1. No ámbito da Xefatura de Ensino creárase unha Comisión de Docencia, como órgano colexiado de asesoramento en canto aos cursos de complemento de formación, con participación tanto da Subdirección Xeral de Persoal como do Centro Universitario da Garda Civil.

A Comisión de Docencia será presidida polo xeneral xefe da Xefatura de Ensino ou persoa en quen delegue, e actuará como secretario un oficial da dita xefatura.

2. Serán membros da Comisión de Docencia os seguintes:

- a) Un representante da Secretaría Técnica da Subdirección Xeral de Persoal.
- b) Un representante da Xefatura de Ensino.
- c) O xefe de estudos ou persoa en quen delegue do centro docente onde se desenvolva o curso.
- d) Un representante do Centro Universitario da Garda Civil.

3. A Comisión poderá desenvolver as seguintes funcións:

- a) Propor posibles modificacións dos plans de estudos dos distintos cursos.
- b) Realizar propostas en relación coa aptitude dos concorrentes en cada un dos períodos dos distintos cursos.
- c) Emitir informe sobre as distintas propostas de recoñecementos ou validacións das materias ou disciplinas dos distintos cursos.
- d) Emitir informe sobre os procesos de revisión das cualificacións remitidas polo director do centro docente correspondente.

e) Calquera outra función que lle poida encomendar a Xefatura de Ensino en relación cos ditos cursos.

4. A Comisión reunirse, convocada polo presidente, en sesión ordinaria, ao menos unha vez en cada curso académico e, con carácter extraordinario, cando así o decida o presidente ou o solicite, ao menos, a terceira parte dos seus membros.

Cando, a xuízo do presidente, a natureza do asunto o requira, poderán tomar parte nas sesións da xunta, ou nunha parte delas, as persoas que considere conveniente, que participarán con voz pero sen voto.

Artigo 16. *Validacións e recoñecemento de créditos.*

1. Aos tenentes coroneis e comandantes da escala de oficiais referida na Lei 42/1999, do 25 de novembro, poderánselles validar aquelas materias e disciplinas cursadas no curso de capacitación para o desempeño das funcións de tenente coronel da escala de oficiais, sempre que teñan similar carga lectiva e contidos.

Aos asistentes dos demais empregos, en función da súa escala de procedencia, validaránselles as disciplinas previstas no plan de estudos correspondente.

O proceso de validación farao de oficio a Xefatura de Ensino da Garda Civil, tendo en conta os plans de estudos respectivos e os expedientes académicos dos interesados, cuxo resultado lles será comunicado a estes.

2. Logo de solicitude dos interesados, tras a publicación da correspondente convocatoria, poderánselles validar ou recoñecer aquelas materias e disciplinas, ou créditos delas correspondentes na súa totalidade a un período, previstas ou non no plan de estudos, á vista dos seus respectivos expedientes académicos ou documentación achegada.

Estas solicitudes de recoñecemento ou validación de ensinanzas universitarias ou daquelas outras que se acrediten serán resoltas igualmente pola Xefatura de Ensino da Garda Civil, tras informe da Comisión de Docencia.

3. A concesión ou denegación das validacións e dos recoñecementos serán comunicadas aos interesados e contra as resolucións que as acorden poderán interpor recurso de alzada ante o subdirector xeral de Persoal, nos termos establecidos no capítulo II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4. Para efectos do previsto nesta orde, as materias ou disciplinas que sexan obxecto de validación ou recoñecemento serán cualificadas cunha nota de 5 ou, de ser o caso, de apto.

5. A concesión das validacións ou recoñecementos nas materias ou disciplinas que se cursen durante o período presencial producirán como efecto a exención da asistencia á clase correspondente á materia ou disciplina validada, ben que se manterá a concorrencia á xornada académica que se determine, de acordo co réxime do centro.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento.*

Facúltase o director xeral da Garda Civil para ditar cantas disposicións considere oportunas para o desenvolvemento e execución desta orde, así como para a modificación dos seus anexos en función das modificacións legislativas que se poidan producir ou cando os avances tecnolóxicos, didácticos ou doutra índole o aconsellen sempre que afecten os contidos dos citados anexos.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 29 de decembro de 2015.—A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia, Soraya Sáenz de Santamaría Antón.

ANEXO I

Plan de estudos correspondente ao curso de complemento de formación da escala de oficiais da Lei 42/1999 para integrarse na nova escala de oficiais

1. Distribución de áreas de coñecemento, materias e disciplinas

O curso estrutúrase en dous períodos: a distancia e presencial, cunha duración de 13 semanas e de 16 semanas, respectivamente.

DENOMINACIÓN DA MATERIA	DISCIPLINA	BREVE DESCRICIÓN DO CONTIDO	CARGA LECTIVA (ECTS)			ÁREAS DE COÑECEMENTO
			PERÍODO NON PRESENCIAL	PERÍODO PRESENCIAL	TOTAL	
TÉCNICA PROFESIONAL E INVESTIGACIÓN	FISCAL, FRONTEIRAS E INMIGRACIÓN	Sistema fiscal español e europeo. Branqueo de capitais. Sistema de fronteiras na UE. Inmigración irregular.	2	1	3	CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN
	CIENCIAS FORENSES	A identificación forense de persoas a través de métodos técnico-científicos (ADN, lofoscopia, antropometría e biometría). Análises e estudos forenses aplicados no campo da balística e trazas instrumentais. Análise pericial de documentos. Análises e estudos forenses técnico-científicos relacionados coa química, informática e electrónica. A xestión da calidade e tecnoloxías aplicadas á criminalística.	2	4	6	DEREITO PROCESUAL
	TECNOLOXÍAS APLICADAS Á INVESTIGACIÓN	Sistemas de captura de imaxes estáticas e outros dispositivos de captura óptica. Bases de datos. Minaría de datos e xestión do coñecemento. Sistemas de localización e posicionamento. Sistemas de información xeográfica. Integración dos sistemas de localización cos sistemas GIS.	1	5	6	LINGUAXES E SISTEMAS INFORMÁTICOS
HUMANIDADES	POLÍTICAS DE IGUALDADE E CONCILIACIÓN	Marco normativo. Políticas de igualdade: boas prácticas. Políticas de conciliación da vida profesional, persoal e familiar. Aplicación na Garda Civil. A igualdade de xénero na Garda Civil: violencia de xénero. A loita contra o acoso	2	1	3	DEREITO ADMINISTRATIVO
	DEONTOLOXÍA PROFESIONAL	O código de conduta dos empregados públicos. O código de conduta do Garda Civil. As regras esenciais de comportamento na Garda Civil. As regras esenciais do militar. As reais ordenanzas para as Forzas Armadas.	2	1	3	FILOSOFÍA DO DEREITO
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E PROTECCIÓN DA SAÚDE	Marco normativo. Avaliacións de riscos. A prevención de riscos laborais na Garda Civil: sistema de prevención e vixilancia da saúde. A protección da saúde na Garda Civil.	2	1	3	DEREITO ADMINISTRATIVO
ESTADÍSTICA	ESTADÍSTICA	Análise de datos. Probabilidades. Modelos de distribución. Mostraxe e estimación. Intervalos de confianza. Optimización	0	3	3	ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA
TRABALLO ACADÉMICO	TRABALLO ACADÉMICO DIRIXIDO (TAD)	Introdución á metodoloxía da investigación. Preparación, elaboración e defensa ante un tribunal dun traballo de investigación.	2	10	12	

DENOMINACIÓN DA MATERIA	DISCIPLINA	BREVE DESCRICIÓN DO CONTIDO	CARGA LECTIVA (ECTS)			ÁREAS DE COÑECEMENTO
			PERÍODO NON PRESENCIAL	PERÍODO PRESENCIAL	TOTAL	
LINGUA ESTRANXEIRA	LINGUA INGLESA	Contidos específicos adecuados do idioma inglés ao nivel SLP 2.2.2.2 do STANAG 6001. Aspectos prácticos do uso da lingua inglesa no ámbito profesional (policial-militar). Habilidades comunicativas.	0	6	6	FILOLOXÍA INGLESA
INSTRUCCIÓN E ADESTRAMENTO	PRÁCTICAS DE INSTRUCCIÓN E ADESTRAMENTO	Técnicas de intervención operativa. Exercicios prácticos de mando de unidades tipo compañía ou sección. Resolución de supostos tácticos profesionais. Fundamentos e técnicas de tiro. Normas de seguridade no emprego de armas de fogo. Organización e dirección de liñas de tiro.	2	7	9	
SEGURIDADE FÍSICA E DA INFORMACIÓN	XESTIÓN DA SEGURIDADE FÍSICA	Evolución da seguridade. Medios pasivos de protección. Subsistema de detección de intrusos. Circuito cerrado de televisión –CCTV. Control de accesos. Seguridade da información: SET – Securitización Estacións de traballo. Centralización de alarmas e integración de subsistemas. Confección Plan de seguridade dun acuartelamento. Métodos de avaliación de riscos e ameazas no ámbito da Garda Civil. Plans de emerxencia no ámbito de Garda Civil.	1	2	3	CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN
	SEGURIDADE DA INFORMACIÓN	Principios básicos da vulnerabilidade informática. Análise e clasificación dos ataques informáticos. Medidas de seguridade. Plans de seguridade e xestión de riscos informáticos.	1	2	3	LINGUAXES E SISTEMAS INFORMÁTICOS
SUMA PARCIAL			17	43	60	

2. Réxime de avaliacións e cualificacións

2.1. Período non presencial

As disciplinas Traballo Académico Dirixido e Prácticas de Instrución e Adestramento serán cualificadas como apto ou non apto.

2.2. Período presencial

As disciplinas Traballo Académico Dirixido, Lingua Inglesa e Prácticas de Instrución e Adestramento serán cualificadas como apto ou non apto.

3. Validacións:

Prevense con carácter xeral, para todos os que cursen este plan de estudos, as seguintes validacións:

DISCIPLINA	CARGA LECTIVA	VALIDACIÓNS QUE SE PREVÉN
PRÁCTICAS DE INSTRUCCIÓN E ADESTRAMENTO	9 ECTS (AMBOS OS PERÍODOS)	Experiencia profesional como compoñente da escala de oficiais da Lei 42/1999.
FISCAL, FRONTEIRAS E INMIGRACIÓN	2 ECTS (PERÍODO NON PRESENCIAL)	Experiencia profesional desempeñada nos seus destinos como compoñente da escala de oficiais da Lei 42/1999
CIENCIAS FORENSES	2 ECTS (PERÍODO NON PRESENCIAL)	Experiencia profesional desempeñada nos seus destinos como compoñente da escala de oficiais da Lei 42/1999
POLÍTICAS DE IGUALDADE E CONCILIACIÓN	2 ECTS (PERÍODO NON PRESENCIAL)	Experiencia profesional desempeñada nos seus destinos como compoñente da escala de oficiais da Lei 42/1999
DEONTOLOXÍA PROFESIONAL	2 ECTS (PERÍODO NON PRESENCIAL)	Experiencia profesional desempeñada nos seus destinos como compoñente da escala de oficiais da Lei 42/1999
PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E PROTECCIÓN DA SAÚDE	2 ECTS (PERÍODO NON PRESENCIAL)	Experiencia profesional desempeñada nos seus destinos como compoñente da escala de oficiais da Lei 42/1999

Así mesmo, poderán ser obxecto de validación ou recoñecemento as seguintes:

DISCIPLINA	CARGA LECTIVA	VALIDACIÓNS QUE SE PREVÉN
TRABALLO ACADÉMICO DIRIXIDO (TAD)	12 ECTS	Co traballo de investigación debidamente superado dun título universitario oficial de grao, licenciado, máster, doutoramento ou equivalente.
LINGUA INGLESA	6 ECTS	<p>Co SLP 2.2.2.2 ou superior dalgún idioma estranxeiro declarado de interese para a Garda Civil debidamente acreditado.</p> <p>Co certificado de nivel avanzado do Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, co do ciclo superior do Real decreto 967/1988, do 2 de setembro, sobre ordenación das ensinanzas correspondentes ao primeiro nivel das ensinanzas especializadas de idiomas, ou co de nivel C1 do Real decreto 1629/2006, do 29 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na súa disposición adicional segunda, nalgún idioma estranxeiro declarado de interese para a Garda Civil, obtidos nunha escola oficial de idiomas.</p> <p>Co título universitario oficial de licenciado ou grao no ámbito da filoloxía ou das linguas ou no ámbito da tradución ou da interpretación, na "lingua B" (primeira lingua estranxeira), en algún idioma estranxeiro declarado de interese para a Garda Civil.</p>
PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E PROTECCIÓN DA SAÚDE	1 ECTS	Titulación superior en Prevención de Riscos Laborais obtida mediante un título universitario oficial ou formación en riscos laborais que habilite para o desempeño de funcións de nivel superior acreditada mediante a certificación de entidades autorizadas pola autoridade laboral.
ESTADÍSTICA	3 ECTS	Disciplinas debidamente superadas de titulacións universitarias oficiais onde se aprecie, con carácter xeral, similitude en canto a carga lectiva e contidos.
CIENCIAS FORENSES	4 ECTS	Título universitario oficial de grao ou licenciado no ámbito da criminoloxía
XESTIÓN DA SEGURIDADE FÍSICA	3 ECTS	Coa habilitación como director ou xefe de seguridade expedida polo Ministerio do Interior.
SEGURIDADE DA INFORMACIÓN	3 ECTS	Disciplinas debidamente superadas de titulacións universitarias oficiais onde se aprecie, con carácter xeral, similitude en canto a carga lectiva e contidos.

ANEXO II

Plan de estudos correspondente ao curso de complemento de formación da escala de oficiais da Lei 42/1999 para integrarse na nova escala de oficiais que comporta os efectos de capacitación para o ascenso

1. Distribución de áreas de coñecemento, materias e disciplinas

O curso estrutúrase en dous períodos: non presencial (a distancia) e presencial, cunha duración de 20 semanas e de 23 semanas, respectivamente.

DENOMINACIÓN DA MATERIA	DISCIPLINA	BREVE DESCRICIÓN DO CONTIDO	CARGA LECTIVA (ECTS)			ÁREAS DE COÑECEMENTO
			PERÍODO NON PRESENCIAL	PERÍODO PRESENCIAL	TOTAL	
TÉCNICA PROFESIONAL E INVESTIGACIÓN	FISCAL, FRONTEIRAS E INMIGRACIÓN	Sistema fiscal español e europeo. Branqueo de capitais. Sistema de fronteiras na UE. Inmigración irregular.	2	1	3	CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN
	CIENCIAS FORENSES	A identificación forense de persoas a través de métodos técnico-científicos (ADN, lofoscopia, antropometría e biometría). Análises e estudos forenses aplicados no campo da balística e trazas instrumentais. Análise pericial de documentos. Análises e estudos forenses técnico-científicos relacionados coa química, informática e electrónica. A xestión da calidade e tecnoloxías aplicadas á criminalística.	2	4	6	DEREITO PROCESUAL
	TECNOLOXÍAS APLICADAS Á INVESTIGACIÓN	Sistemas de captura de imaxes estáticas e outros dispositivos de captura óptica. Bases de datos. Minaría de datos e xestión do coñecemento. Sistemas de localización e posicionamento. Sistemas de información xeográfica. Integración dos sistemas de localización cos sistemas GIS.	1	5	6	LINGUAXES E SISTEMAS INFORMÁTICOS
HUMANIDADES	POLÍTICAS DE IGUALDADE E CONCILIACIÓN	Marco normativo. Políticas de igualdade: boas prácticas. Políticas de conciliación da vida profesional, persoal e familiar. Aplicación na Garda Civil. A igualdade de xénero na Garda Civil: violencia de xénero. A loita contra o acoso	2	1	3	DEREITO ADMINISTRATIVO
	DEONTOLOXÍA PROFESIONAL	O código de conduta dos empregados públicos. O Código de conduta do garda civil. As regras esenciais de comportamento na Garda Civil. As regras esenciais do militar. As reais ordenanzas para as Forzas Armadas.	2	1	3	FILOSOFÍA DO DEREITO
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	COMPETENCIAS DIRECTIVAS NA GARDA CIVIL	Principios do liderado. Autoconñecemento e xestión do liderado. Fundamentos do traballo en equipo. Creación e xestión de equipos de alto rendemento. A comunicación interpersonal. Identificación e resolución de conflitos.	1	2	3	CIENCIA POLÍTICA E DA ADMINISTRACIÓN

DENOMINACIÓN DA MATERIA	DISCIPLINA	BREVE DESCRICIÓN DO CONTIDO	CARGA LECTIVA (ECTS)			ÁREAS DE COÑECEMENTO
			PERÍODO NON PRESENCIAL	PERÍODO PRESENCIAL	TOTAL	
	PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E PROTECCIÓN DA SAÚDE	Marco normativo. Avaliacións de riscos. A prevención de riscos laborais na Garda Civil: sistema de prevención e vixilancia da saúde. A protección da saúde na Garda Civil.	2	1	3	DEREITO ADMINISTRATIVO
	RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PROTOCOLO	As relacións institucionais no exercicio do mando. Técnicas efectivas para falar en público. Relacións cos medios de comunicación. Comunicación corporativa. Principios do protocolo: organización de eventos.	1	2	3	COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL E PUBLICIDADE
ESTADÍSTICA	ESTADÍSTICA	Análise de datos. Probabilidades. Modelos de distribución. Mostraxe e estimación. Intervalos de confianza. Optimización	0	3	3	ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA
